

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA APOIO AO ACCESO E ADECUACIÓN DO FINANCIAMENTO DAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DE TODA A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA AFECTADAS POLA SECA DO ANO 2017, INSTRUMENTADAS MEDIANTE CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE O IGAPE, AS ENTIDADES FINANCEIRAS E AS SOCIEDADES DE GARANTÍA RECÍPROCA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora da Área de Financiamento do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

DECLARA:

Que este Instituto ten previsto formalizar coas sociedades de garantía recíproca (SGR) galegas e coas entidades financeiras que o soliciten o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Definir os termos de colaboración entre o Igape, as entidades de crédito e as SGR para a instrumentación de dúas liñas de financiamento bonificado dirixido ás explotacións agrarias de toda a Comunidade Autónoma de Galicia afectadas pola seca do ano 2017, co obxecto de adecuar e reforzar a súa estrutura financeira.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido:

O Igape é o ente instrumental de desenvolvemento rexional de Galicia. Como ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio propios, entre os seus principais obxectivos están o impulso do desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, a promoción de políticas integrais de apoio ás empresas e o desenvolvemento de accións dirixidas á mellora da súa competitividade. Nesta liña, pretende dotar ás pequenas e medianas empresas galegas, incluídos os autónomos, de recursos financeiros en óptimas condicións de prazo, tipo de xuro e garantías que lles permitan dotarse da liquidez necesaria para o desenvolvemento da súa actividade.

As SGR teñen como función o outorgamento de avais, a favor dos seus socios ou partícipes para as operacións que estes realicen nas súas actividades empresariais e a prestación de servizos de asistencia e asesoramento financeiro. En Galicia existen dúas SGR, Afigal e Sogarpo. Estas SGR teñen avalado historicamente aos seus socios por un importe total de preto de 1.800 millóns de euros. Afigal e Sogarpo veñen desempeñando, dende a súa creación, a tarefa de prestación de avais ante as entidades financeiras, aglutinando ata o momento a práctica totalidade das operacións de afianzamento por SGR das pemes en Galicia de todos os sectores de actividade.

As SGR réxense polos seus estatutos, pola Lei 1/1994, do 11 de marzo, sobre réxime xurídico das sociedades de garantía recíproca, polo Real Decreto 2345/1996, de 8 de novembro, relativo ás normas de autorización administrativa e requisitos de solvencia das SGR e demais normas complementarias.

A Xunta de Galicia e o Igape participan, xunto coas entidades financeiras e outras entidades, como socios protectores nas ditas sociedades dende a súa creación, ostentando, á data da presente memoria, o 19,7% do capital de socios protectores de Afigal e o 24,2% do capital de socios protectores de Sogarpo.

Por outra banda as entidades financeiras, como facilitadoras do crédito, constitúen o elemento clave ao ser quen canaliza as solicitudes viables ante o Igape e as SGR, na procura dos apoios en forma de garantía. Así mesmo, non debemos esquecer que a súa implantación territorial resulta moi importante para a difusión e xestión do programa.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

No mes de setembro do ano 2016 activouse en Galicia, en concreto na demarcación hidrográfica Galicia Costa, o protocolo ante situacións de seca, de xeito que se activou o nivel de prealerta en tres sistemas de explotación desta demarcación.

O ano 2016 destacou por ser moi seco e, sobre todo, polo escaso número de días de chuvia, que en moitas localidades acadou o valor mínimo histórico da serie. Isto debeuse á persistencia dos períodos anticiclónicos que impediron, día tras día, a chegada a Galicia de borrascas e sistemas frontais. O mes de decembro dese ano caracterízase, dependendo das zonas, como cálido ou moi cálido. A porcentaxe de precipitación foi un 78% por debaixo do normal, co cal tivemos o decembro máis seco dende 2001.

Ante esta situación apreciase unha diminución progresiva do caudal dos ríos en toda a demarcación hidrográfica, detectando valores por debaixo dos valores medios para esta época do ano, aínda que as reservas de auga nos encoros de abastecemento estaban en valores de normalidade.

Por este motivo, no mes de xaneiro de 2017 decrétase a situación de prealerta hidrolóxica ante situacións de seca en todos os sistemas de explotación da Demarcación Hidrográfica de Galicia – Costa e tamén na Demarcación Hidrográfica do Miño - Sil.

Por outra banda, polo Real Decreto 684/2017, do 30 de xuño, declárase a situación de seca na parte española da demarcación hidrográfica do Duero, na que se atopan os concellos de Verín, Laza, Monterrei, Riós, Oimbra, Castrelo do Val, Vilardevós, A Mezquita e A Gudiña.

Despois dun inicio de ano no que as precipitacións tiveron valores próximos á normalidade para esta época do ano, a primavera pode calificarse como seca, cun 17% de precipitacións inferiores aos valores agardados para esa época do ano. As precipitacións dos meses de marzo e maio non lograron compensar a escaseza das do mes de abril, no que as precipitacións foron un 83% inferiores á media, sendo este mes o mais seco da serie histórica. Na provincia de Ourense e no sur da de Lugo é onde se deron os valores máis baixos de precipitacións.

As condicións que se deron no verán non fixeron mais que complicar a situación, así pódese calificar esta como seca ou moi seca, cunhas precipitacións dun 27% por debaixo dos valores agardados para esta época do ano, ademais localizadas en puntos concretos da nosa xeografía e asociadas a tormentas que non conseguiron compensar a escaseza de precipitacións.

Os valores máis baixos en canto a precipitacións rexistráronse principalmente nas comarcas de Verín e Viana e en moitas zonas do litoral atlántico, destacando a península do Morrazo e as Rías de Arousa e Vigo, onde non se chegaron aos 40 L/m².

Con esta situación, o día 1 de outubro de 2017 chégase a unha situación na que se produciu un empeoramento da situación dos aforos dos ríos, a medida que nos situamos mais preto do sur de Galicia, tanto nas provincias de Pontevedra como na de Ourense, a repercusión da anomalía de precipitación é mais elevada, tendo un empeoramento progresivo.

Os indicadores de reserva nos encoros de abastecemento dos grandes sistemas manteñen a tendencia á baixa identificada nos meses anteriores cunha curva de descenso acusado no mes de setembro, quedando 90 días de reserva de auga no caso de que o nivel de entrada sexa nula e se manteñan os niveis de desencoro mínimo establecidos.

Con esta situación, e decretada xa no mes de xuño a situación de seca prolongada na parte española da demarcación hidrográfica do Duero e na parte galega da Demarcación Hidrográfica do Cantábrico Occidental, procedese á declaración da alerta por seca en toda a demarcación da conca hidrográfica do Miño – Sil e en seis sistemas da conca hidrográfica de Galicia Costa: Río Verdugo e Ría de Vigo; Río Lerez e Ría de Pontevedra; Río Xallas, costa de A Coruña e ría de Corcubión; Río Castro; Ría de A Coruña; e Río Mandeo e Ría de Betanzos.

Tendo en conta os danos apreciados, enténdese que produciranse un importante descenso da produción deste ano e unhas necesidades financeiras de carácter conxuntural e estrutural.

En consecuencia, convócanse unhas axudas do Igape, a proposta da Consellería do Medio Rural, ás explotacións agrarias de toda a Comunidade Autónoma de Galicia afectadas pola seca do ano 2017, co obxecto de adecuar e reforzar a súa estrutura financeira, de xeito que lles permita aprazar e periodificar pagamentos e acomodalos á previsible merma de ingresos ou ao prazo de cobramento da indemnización do seguro, no seu caso, a través das seguintes liñas:

- Liña de refinanciamento de pasivos: para adecuar o reintegro das débedas contraídas coas entidades de crédito á capacidade de xerar recursos nun contexto de rendibilidade insuficiente.*
- Liña de financiamento de circulante: disposición de financiamento adicional para reforzar o seu activo corrente, sufragando nóminas dos traballadores, tributos, seguridade social, alugueres, pagos a provedores, acredores por prestación de servizos e similares.*

A axuda do Igape consiste nos seguintes apoios:

- a) Bonificación do tipo de xuro nominal das operacións de préstamo acollidas a estas bases de tal xeito que o tipo de xuro sexa cero para o beneficiario.*
- b) No caso de contar co aval dunha SGR, o Igape compensará o custo da comisión do aval financeiro prestado pola SGR.*

Estas axudas do Igape necesitan da instrumentación dun convenio de colaboración entre o Instituto, as SGR e as entidades financeiras adheridas.

Estímase un volume de operacións financeiras a formalizar ao amparo da presente convocatoria de 5.000.000,00 € para unhas 140 pequenas e medianas explotacións, fundamentalmente microempresas e autónomos.

Que o convenio proposto, cumpre os requisitos de validez e eficacia establecidos no artigo 48 da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público:

O Igape, como ente de dereito público e no ámbito das súas competencias, pode subscribir convenios con outras entidades públicas e privadas. Estas axudas do Igape para o apoio ao acceso e adecuación do financiamento das explotacións agrarias afectadas pola seca, necesitan da instrumentación dun convenio de colaboración entre o Igape, as SGR e as entidades financeiras adheridas.

O convenio será subscrito polo presidente ou polo director do Igape e supón unha fórmula eficaz de asignación dos recursos públicos pois supón un efecto multiplicador importante, xa que unha dotación orzamentaria de 500.000,00 € suporá a mobilización de 5,0 millóns de euros a favor das pequenas e medianas empresas e dos autónomos beneficiarios.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alio á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Raquel Rodríguez Espiño
Directora da Área de Financiamento do Igape